

# EL OCASO DA SOCIEDÁ LABRADORA A MIRADA D'UN AUTODIDACTA

Fóra da escola, ir coas vacas, tirar del barquín, roubar fruta, fabricar toda clase d'artiluxos que puideran valir de xuguetes, safarse del cura, fuxir, por respeito ou medo, da Guardia Civil e mendigar á túa madre esmolida as cuatro pesetas pa ir al cine el domingo; Vía Crucis en Semana Santa; vacaciós de Navidá, turón, matanza del gocho, figos pasos por Reises; vacaciós de brao, baños nel augua xelada del reguero de Grandas, labrar patacas, maíz; segar el herba. Sachar patacas, semar nabos, sachar nabos, mollar; mazar ferro, terra; terra del campo, del cabildro da colexata. Comer pan moeiro, fabricar tirapiedras, xugar al guá, a pionza, a billarda, el aro. Andar de cu contra a parede pa esconder a resgadura dos calzoiés. Ler contos de Jac, Bill e Sam, El Guerrero del Antifaz, etcétera. A universidá del camín, aprender máis fóra que dentro.

José María Naveiras Escanlar

José María Naveiras Escanlar "Pepe el Ferreiro" (31 de marzo de 1942, Grandas de Salime - 13 de xunio del 2020, Balmonte de Miranda) nacéu e medrrou nunha familia labradora con una tradición larga de ferreiros nela. Foi de neno á Escola Nacional y, anque nun seguío os estudos, a influencia dalgún dos sous maestros acabou por apuntalar a gana de saber y a fame de conocemento innatas que lo iban acompañar toda a vida.



Pepe, nun coche de xuguetes de fabricación artesanal, arredaos de familia e vecíos.

Nel servicio militar, que fezo en Astorga, as clases e prácticas nel taller mecánico acabaron completando os sous conocementos artesanales, xa grandes, amecendo úa base teórica que despóis iba serlle de ben utilidá nos procesos de recuperación de pezas. Anque nun lle faltaron opcións pa establecerse fóra, a señardá da súa terra levóulo de volta a Grandas de Salime, onde instalou un taller de carpintería metálica.

El occidente d'Asturias, secularmente aislao, seguía sendo nos anos corenta del siglo XX úa sociedá eminentemente labradora en proceso de disgregación. El mundo que Pepe conocéu cuando neno e mozo taba chamao a desinciar. A sociedá labradora tradicional aceleraba a súa descomposición e con ela el modelo económico, social, cultural y ideolóxico qu'estruclaraba as comunidades chegaba al acabamento.

A construción del Salto de Salime (1945-1955) supuxo un punto d'inflección sin volta atrás na contornada. A súa construcción precisou mobilizar miles de traballadores pa os qu'houbou que construír poboalos. Con ellos chegaron modas e demandas novas que trasformaron el paisaxe social y a actividá económica, introducindo servicios y oficios novos. El embalse anagóu os lugares y as veigas del Río Navia coas súas hortas e viñas, provocando a emigración en busca de mellor fortuna nas oportunidades que noutras comarcas ofrecía a industria ou, nel caso d'aquellos que decidiron quedar, el traslao a casas feitas novas na capital do concello.

Nos anos sesenta, a mecanización acelerada d'un campo hasta entoncias mui conservador nos sous usos iba acabar por desfaer de xeito definitivo el marco labrador tradicional.

Testigo directo d'estos acontecementos, Pepe entendéu ben axina qu'el mundo que conocera descomponfiase de xeito rápido y irreversible, refugando e condenando a esquecerse a sabiduría e cultura material de xeneraciós de familias labradoras.



Xa Francisquín con un grupo d'amigos.